

## Proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de informática do Parlamento de Galicia

### INSTRUCCIÓNS PARA CUMPRIMENTAR O PRIMEIRO EXERCICIO

1. O cuestionario está escrito nunha das dúas linguas oficiais de Galicia: castelán ou galego (á súa elección). Só deberá marcar as respostas na última folla grampada do seu cuestionario.
2. Dispón dunha folla en branco co seu nome e apelidos, co logo do Parlamento para facer as súas anotacións. **Esta folla é para o aspirante, en ningún caso deberá entregala.**
3. Este cuestionario está composto por **100 preguntas de resposta múltiple e 3 de reserva**. So hai unha resposta correcta de 4 posibles.
4. Indique a súa opción coa letra correspondente á resposta que considere correcta.

1	C			
---	---	--	--	--

5. Para anular unha resposta tache cunha cruz a cela equivocada, e marque a resposta correcta na seguinte cela libre xusto á dereita da anterior.

1	<del>C</del>	B		
---	--------------	---	--	--

6. Pode cambiar a súa opción elixida ata o máximo número de ocios dispoñible por cada pregunta

1	<del>C</del>	<del>B</del>	<del>A</del>	D
---	--------------	--------------	--------------	---

7. Para anular unha resposta marque cunha **X** a nova resposta. Neste caso considerarase coma non contestada.

1	<del>C</del>	<del>B</del>	<del>A</del>	<del>D</del>
---	--------------	--------------	--------------	--------------

8. Só poderá existir unha letra (A, B, C ou D) situada máis á dereita das celas anuladas, ou como primeira é única opción.

#### EXEMPLOS DE RESPONSTAS NON VÁLIDAS:

1	C	<del></del>		
2	C	<del></del>	A	
3		<del></del>		
4	A	<del>B</del>	C	D
5				

9. Marque a resposta do xeito descrito cun bolígrafo negro ou azul.
10. Non deberá anotar ningunha outra marca ou sinal distinta das estritamente necesarias para contestar o exercicio, nin efectuar ningún tipo de escritura, nin no cuestionario, nin na folla de respostas.
11. Lembre que o tempo de realización deste exercicio é de **CENTO QUINCE (115) MINUTOS**.
12. Non serán valoradas as preguntas non contestadas e aquelas nas que as marcas ou correccións efectuadas ofrezan a conclusión de que "non hai opción de resposta" válida.
13. Por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.
14. Non desgrampe o exame.

**1 Segundo o artigo 10 da Constitución española, son fundamento da orde política e da paz social:**

- A) A dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lle son inherentes, o libre desenvolvemento da personalidade, o respecto á lei e aos dereitos dos demais.
- B) A dignidade da persoa, a libre elección de residencia e a libre circulación polo territorio nacional.
- C) O dereito de asociación, a participación en asuntos públicos e a liberdade de ensinanza.
- D) A libre creación de centros docentes, o dereito de petición individual e colectivo e o dereito a contraer matrimonio con plena igualdade xurídica.

**2 O Tribunal Constitucional está integrado por:**

- A) 14 membros, co título de maxistrados do Tribunal Constitucional.
- B) 12 membros, co título de maxistrados do Tribunal Constitucional.
- C) 16 membros, co título de maxistrados do Tribunal Constitucional.
- D) 20 membros, co título de maxistrados do Tribunal Constitucional.

**3 Os maxistrados do Tribunal Constitucional propostos polo Senado elíxense entre:**

- A) Os candidatos presentados polas asembleas lexislativas das comunidades autónomas.
- B) Os candidatos presentados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.
- C) Os candidatos presentados polos órganos de goberno das comunidades autónomas.
- D) Os candidatos propostos polo Tribunal Supremo.

**4 Segundo a Lei orgánica 3/1981, do 6 de abril, para ser designado Defensor del Pueblo será necesario, nunha primeira votación, obter o voto favorable de:**

- A) As tres quintas partes dos membros do Congreso e posteriormente, nun prazo máximo de 15 días, ser ratificado pola maioría do Senado.
- B) A maioría absoluta da ambas as cámaras, Congreso e Senado.
- C) As dúas quintas partes dos membros do Congreso e posteriormente, nun prazo máximo de 20 días, ser ratificado polas dúas terceiras partes dos membros do Senado.
- D) As tres quintas partes dos membros do Congreso e posteriormente, nun prazo máximo de 20 días, ser ratificado por esa mesma maioría do Senado.

**5 Segundo o artigo 9 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través:**

- A) Do Parlamento, da Xunta e do seu presidente.
- B) Do Parlamento, da Xunta e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- C) Do Parlamento e do pobo galego.
- D) Do Parlamento, da Xunta e do pobo galego.

**6 Segundo o artigo 16 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Xunta de Galicia está composta por:**

- A) Presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, de ser o caso, e secretarios xerais.
- B) Presidente, conselleiros e xefes de servizo da Administración autonómica.
- C) Presidente, vicepresidentes, secretarios técnicos e xefes de servizo.
- D) Presidente, vicepresidente ou vicepresidentes, de ser o caso, e conselleiros.

**7 Segundo o artigo 13.2 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, as leis de Galicia:**

- A) Son promulgadas, en nome do presidente do Goberno, polo presidente da Xunta e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.
- B) Son promulgadas, en nome do Rei, polo presidente do Parlamento e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.
- C) Son promulgadas, en nome do Rei, polo presidente da Xunta e publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado*.
- D) Son promulgadas, en nome do Rei, polo presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**8 As leis de Galicia son publicadas no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial del Estado* e para os efectos da súa entrada en vigor rexerá a data da súa publicación:**

- A) No *Boletín Oficial del Estado*.
- B) No *Diario Oficial de Galicia*.
- C) Indistintamente, no que primeiro se publique.
- D) No que recolla a disposición derradeira da lei.

**9 Segundo o artigo 52 do Regulamento do Parlamento de Galicia, poderase crear de xeito automático unha única comisión de investigación por lexislatura cando:**

- A) O solicite a Mesa da Cámara.
- B) O solicite a Deputación Permanente.
- C) O solicite a Mesa oída a Xunta de Portavoces.
- D) O solicite un terzo dos deputados e deputadas da Cámara que pertencen a un mesmo grupo parlamentario, ou as dúas quintas partes dos deputados e deputadas da Cámara.

**10 Segundo o artigo 84.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o voto dos deputados e das deputadas é persoal e indelegable agás nos casos seguintes:**

- A) Enfermidade, embarazo, maternidade e paternidade.
- B) Incapacidade, embarazo e maternidade.
- C) Calquera suposto que imposibilite a súa asistencia á sesión plenaria.
- D) Embarazo, maternidade ou paternidade.

**11 Segundo o artigo 6 do Estatuto do Persoal do Parlamento de Galicia, o persoal eventual será nomeado libremente:**

- A) Polo presidente ou presidenta do Parlamento de Galicia o adscrito ao seu Gabinete, e polos restantes membros da Mesa o que se lles adscriba a cada un deles.
- B) Polo presidente ou presidenta do Parlamento de Galicia, incluído o que se adscriba aos demais membros da Cámara.
- C) Polos portavoces de cada un dos grupos parlamentarios que se constituían na Cámara en cada unha das lexislaturas.
- D) Polo letrado ou letrada oficial maior, xefe superior do persoal do Parlamento de Galicia.

- 12 Segundo o artigo 15 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, poderán participar na elaboración das leis:**
- A) As persoas maiores de idade e coa condición política de galegos.
  - B) As persoas maiores de idade coa condición política de galegos e calquera persoa xurídica que represente intereses sociais galegos.
  - C) As persoas maiores de 16 anos coa condición política de galegos.
  - D) Calquera cidadán coa súa sinatura e a doutros nove.
- 13 Segundo o artigo 2 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, a iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia exerceuse por medio da presentación de proposicións de lei asinadas, polo menos, polo seguinte número de cidadáns maiores de idade que gocen da condición política de galegos e se atopen inscritos no censo electoral:**
- A) 10.000
  - B) 25.000
  - C) 50.000
  - D) 65.000
- 14 As resolucións da Axencia Española de Protección de Datos faranse públicas unha vez que sexan notificadas aos:**
- A) Órganos competentes.
  - B) Medios de comunicación social.
  - C) Órganos de transparencia.
  - D) Interesados.
- 15 Poderán establecerse os termos en que se leve a cabo a publicidade das resolucións da AEPD, segundo a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD):**
- A) Legalmente.
  - B) Por lei de orzamentos.
  - C) Regulamentariamente.
  - D) Mediante decreto lei.
- 16 Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin, segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:**
- A) De interese xeral.
  - B) Común.
  - C) Lícito.
  - D) Comunitario.

**17 Segundo a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, unha das seguintes afirmacións é imprecisa:**

- A) No ámbito da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, poderán celebrar convenios os titulares dos departamentos ministeriais e os presidentes ou directores das devanditas entidades e organismos públicos.
- B) A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- C) A xestión, xustificación e resto de actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos financeiros para a Administración pública ou calquera dos seus organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes que o subscriban, así como cos fondos comprometidos en virtude dos devanditos convenios, axustaranse ao disposto na lexislación medioambiental.
- D) Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo, quen os subscriba, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

**18 Cando sexa iniciado de oficio o procedemento de responsabilidade patrimonial, efectuarase por acordo con notificación ás partes lesionadas pola actividade da Administración, concedéndolles á súa vez un prazo de 10 días para achegar cantas alegacións, documentación ou información estimen oportunas; a pesar de que as partes afectadas queden como non comparecidas no prazo concedido, iso non constituirá óbice para que o procedemento prosiga a:**

- A) Impugnación contenciosa.
- B) Queixa ao Valedor do Pobo.
- C) Transacción ofertada polo cidadán.
- D) Instrución apropiada.

**19 Según se establece en el Real decreto 421/2004, de 12 de marzo, por el que se regula el Centro Criptológico Nacional (CCN-CERT), el Centro Criptológico Nacional está adscrito:**

- A) Al Centro Nacional de Inteligencia.
- B) A la Secretaría General de Información y Asuntos Internos del Ministerio de Administraciones Públicas.
- C) Al Ministerio de Asuntos Exteriores.
- D) Al Centro de Defensa Nacional del Ministerio de Defensa.

**20 Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na tramitación do procedemento de responsabilidade patrimonial e no atinente á solicitude de informes e ditames por parte dos servizos cuxo funcionamento ou actividade causase o dano lesivo, será preceptivo solicitar destes informe para o esclarecemento dos feitos en que se produciu o dano. O prazo para emitir o devandito informe:**

- A) Non pode exceder de 10 días.
- B) Non pode exceder de 7 días.
- C) Non pode exceder de 5 días.
- D) Non pode exceder de 3 días.

**21 O principio de publicidade e transparencia:**

- A) É un principio ao que deberá axustarse a contratación do sector público.
- B) É un dos principios constitucionalmente recollidos no artigo 104 da Constitución española.
- C) É un principio imperante en calquera procedemento ou actuación administrativa.
- D) É un principio que se establece no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, como de xeral observancia en todo o ámbito do sector público.

**22 No artigo 3.3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, sinálase que se considera sinatura electrónica recoñecida:**

- A) A sinatura electrónica que permite identificar baixo un contorno recoñecido e seguro o asinante.
- B) A sinatura electrónica que permite identificar o asinante e detectar calquera cambio ulterior dos datos asinados, a través dun mecanismo electrónico.
- C) A sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de sinatura.
- D) A sinatura electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido e seguro que permita a súa utilización como medio de identificación do asinante.

**23 Segundo expresa literalmente a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, un certificado electrónico é:**

- A) Un documento electrónico asinado por unha persoa física ou xurídica, autorizado polo órgano competente dunha Administración pública
- B) Un documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de sinatura a un asinante e confirma a súa identidade
- C) Un certificado expedido pola Administración pública que permite identificarse ás persoas físicas ou xurídicas
- D) Un certificado que as administracións públicas proporcionan aos interesados que o soliciten co fin de identificarse debidamente.

**24 ¿Cal das seguintes circunstancias non está prevista na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, como unha causa de extinción de vixencia dun certificado electrónico?:**

- A) Revogación formulada polo asinante, a persoa física ou xurídica representada por este, un terceiro autorizado ou a persoa física solicitante dun certificado electrónico de persoa xurídica.
- B) Suspensión formulada polo prestador de servizos correspondente.
- C) Resolución xudicial ou administrativa que o ordene.
- D) Alteración dos datos achegados para a obtención do certificado ou modificación das circunstancias verificadas para a expedición do certificado, como as relativas ao cargo ou ás facultades de representación, de xeito que este xa non sexa conforme coa realidade.

- 25 A expedición de certificados recoñecidos sen realizar todas as comprobacións previas sinaladas no artigo 12 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, cando iso afecte a maioría dos certificados recoñecidos expedidos nos tres anos anteriores ao inicio do procedemento sancionador ou desde o inicio da actividade do prestador se este período é menor, é unha infracción:**
- A) Prevista na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, como unha infracción moi grave.
  - B) Prevista na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, como unha infracción grave.
  - C) Prevista na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, como unha infracción leve.
  - D) Que non está prevista na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, como tal infracción.
- 26 Cando o autor dun programa de ordenador sexa unha persoa xurídica a duración dos dereitos de explotación dun programa de ordenador será de:**
- A) Cincuenta anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da divulgación lícita do programa ou ao da súa creación se non se divulgaron.
  - B) Sesenta anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da divulgación lícita do programa ou ao da súa creación se non se divulgaron.
  - C) Setenta anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da divulgación lícita do programa ou ao da súa creación se non se divulgaron.
  - D) Setenta e cinco anos, computados desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da divulgación lícita do programa ou ao da súa creación se non se divulgaron.
- 27 Segundo se establece no artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para ser considerados válidos, os documentos electrónicos deberán:**
- A) Incorporar as sinaturas electrónicas dos que teñan a condición de interesados.
  - B) Incorporar os metadatos mínimos esixidos.
  - C) Incorporar as sinaturas electrónicas debidamente bastanteadas en canto a suficiencia pola Administración nos supostos en que legalmente procedan.
  - D) As tres respostas anteriores son correctas.
- 28 A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sinala no seu artigo 16 que, en relación ao dereito de rectificación e cancelación de datos de carácter persoal, o responsable do tratamento terá a obriga de facer efectivo o dereito de rectificación ou cancelación do interesado:**
- A) No prazo de dez días.
  - B) No prazo de quince días.
  - C) No prazo dun mes.
  - D) No prazo de cinco días.
- 29 A cesión dos dereitos en virtude da licenza pública da Unión Europea (EUPL, polas súas siglas en inglés) queda supeditada a certas restricións ou obrigas que deberá respectar o titular da licenza ¿Cal das seguintes obrigas é incorrecta?:**
- A) Dereito de atribución.
  - B) Cláusula de "esquerdo de copia" (*Copyleft*).
  - C) Cláusula de compatibilidade.
  - D) Cláusula de "dereito de copia" (*Copyright*).

- 30 Non están excluídos do ámbito de aplicación da lexislación de contratos do sector público:**
- A) Os contratos relativos aos servizos de arbitraje que celebren as entidades pertencentes ao sector público.
  - B) Os contratos relativos aos servizos de conciliación que celebren as entidades pertencentes ao sector público.
  - C) Os contratos de servizos que celebren as entidades pertencentes ao sector público.
  - D) Os contratos relativos aos servizos de arbitraje, conciliación, obras, servizos e subministracións que celebren as entidades pertencentes ao sector público.
- 31 A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón no seu artigo 17.3 que os medios ou soportes en que se almacenen documentos deberán contar con medidas de seguridade que garantan:**
- A) A autenticidade, integridade, confidencialidade, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.
  - B) A autenticidade, verosimilitude, eficiencia, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.
  - C) A autenticidade, integridade, transparencia, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.
  - D) A autenticidade, integridade, liberdade de acceso, calidade, protección e conservación dos documentos almacenados.
- 32 Segundo se dispón na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable, cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a:**
- A) Documentos rexistrados.
  - B) Procedementos finalizados.
  - C) Documentos tramitados.
  - D) Procedementos administrativos.
- 33 Na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas, determínase que as disposicións de creación dos rexistros electrónicos especificarán:**
- A) O órgano ou unidade responsable da súa xestión, así como a data e hora oficial e os días declarados como inhábiles.
  - B) Os responsables dos distintos órganos, así como a data e hora oficial e os días hábiles.
  - C) Os días inhábiles, a data e hora oficial e a relación dos órganos administrativos aos que se poderán dirixir os escritos.
  - D) Os días hábiles, a data e hora oficial e a relación dos órganos administrativos aos que se poderán dirixir os escritos.



- 34 Na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese que para garantir a identidade e contido das copias electrónicas ou en papel e, polo tanto, o seu carácter de copias auténticas, as administracións públicas deberán axustarse ao previsto no Esquema Nacional de Interoperabilidade, no Esquema Nacional de Seguridade e ás súas normas técnicas de desenvolvemento, así como, entre outras, á seguinte regra:**
- A) As copias electrónicas dun documento orixinal ou dunha copia electrónica auténtica non poderán sufrir ningún cambio de formato, e conterán un código de verificación.
  - B) As copias electrónicas dun documento electrónico orixinal ou dunha copia electrónica auténtica, con ou sen cambio de formato, deberán incluír os metadatos que acrediten a súa condición de copia e que se visualicen ao consultar o documento.
  - C) As copias en soporte papel de documentos electrónicos requirirán a inalteración do formato e a inclusión dos correspondentes metadatos.
  - D) As copias electrónicas dun documento orixinal ou dunha copia electrónica auténtica deberán incluír os metadatos que acrediten a súa condición de copia, só nos supostos de alteración do formato.
- 35 Os sistemas de información aos que se refire o Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica, serán obxecto dunha auditoría regular ordinaria que verifique o cumprimento dos requirimentos do Esquema Nacional de Seguridade, cando menos,**
- A) Cada seis meses.
  - B) Cada ano.
  - C) Cada dous anos.
  - D) Cada tres anos.
- 36 Segundo se dispón no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica, nas decisións en materia de seguridade deberase ter en conta, entre outros, o principio de:**
- A) Prevención, reacción e recuperación.
  - B) Xestión integral.
  - C) Reavaliación diferenciada
  - D) Defensa racional.
- 37 Os contratos administrativos que teñan por obxecto a adquisición de programas de ordenador desenvoltos a medida son contratos:**
- A) En réxime de exclusividade contractual unilateral.
  - B) De subministración.
  - C) De servizos.
  - D) Onde o seu prezo debe ser o único elemento a ter en conta como criterio de valoración para a súa adxudicación, dado o carácter de desenvolvemento a medida.
- 38 ¿Cal das seguintes características NON é propia dunha arquitectura *grid* (en malla)?:**
- A) Arquitectura paralela e distribuída, que pode estar dispersa xeograficamente.
  - B) Pode utilizar recursos heteroxéneos (distinto hardware e software).
  - C) A dedicación dos nodos é parametrizable e controlada por un único nodo central.
  - D) Localización dinámica dos recursos do grid.

- 39 No ámbito da xestión de memoria dun sistema operativo, defínese a memoria virtual como:**
- A) A porcentaxe de memoria RAM que o sistema operativo utiliza para as súas funcións.
  - B) Unha técnica de xestión de memoria para que o sistema operativo dispoña dun espazo maior de memoria que a dispoñible fisicamente.
  - C) A cantidade de espazo en disco que o sistema operativo usa para intercambiar datos coa memoria principal.
  - D) Ningunha das anteriores.
- 40 Nunha partición de disco en UNIX, ¿que contén o superbloque?:**
- A) O código para arrancar o sistema nesa partición.
  - B) O número de i-nodes, o número de bloques de disco e o principio da lista de bloques de disco libres.
  - C) Os bloques de disco que conteñen os datos dos arquivos.
  - D) Os i-nodes, que conteñen a información dos ficheiros de disco
- 41 Na arquitectura dos sistemas operativos Windows, ¿de que se encarga o compoñente Executive?:**
- A) Da xestión de procesos, fíos e tratamento de interrupcións.
  - B) De proporcionar unha plataforma única onde poida executarse o sistema operativo independentemente do hardware.
  - C) Do control dos dispositivos hardware.
  - D) Da entrada/saída, a xestión de obxectos en memoria, a seguridade e a xestión de procesos.
- 42 ¿Cal das seguintes afirmacións sobre o estándar de deseño en tres niveis para un sistema de xestión de bases de datos (DBMS) proposto pola organización ANSI é correcta?:**
- A) No nivel interno ou físico defínense, entre outros elementos, os dispositivos de almacenamento físico, os índices e as restricións de integridade dos datos.
  - B) No nivel conceptual defínense os datos, as relacións entre eles e os descritores de almacenamento dos datos, entre outros elementos.
  - C) No nivel externo defínense as diferentes vistas dos distintos usuarios sobre a base de datos.
  - D) Ningunha das anteriores é correcta.
- 43 No modelo relacional de base de datos, se un atributo pode conter nulos:**
- A) Non poderá ser nunca clave foránea.
  - B) Poderá ser unha clave primaria.
  - C) Poderá formar parte dunha clave candidata.
  - D) Ningunha das anteriores é correcta.
- 44 ¿Cal das seguintes afirmacións sobre o modelo relacional NON é correcta?:**
- A) Cada atributo dunha tupla dunha relación só poderá almacenar un valor.
  - B) Unha clave foránea dunha relación sempre será clave primaria doutra relación coa que se asocia.
  - C) A orde das tuplas dunha relación carece de relevancia.
  - D) Unha clave foránea dunha relación non poderá ter valores repetidos.

**45 Na planificación de procesos dun sistema operativo indique a resposta correcta:**

- A) A planificación de procesos segundo a política de Priority Scheduling supón de xeito implícito que todos os procesos teñen a mesma importancia.
- B) O concepto de quantum do mesmo tamaño pertence á planificación por Round Robin.
- C) A planificación Shortest Job First está especificamente deseñada para sistemas interactivos.
- D) Unha planificación Two-level Scheduling está pensada para sistemas nos que todos os procesos están en memoria principal.

**46 No contexto de análise multidimensional, ¿que é un feito?:**

- A) O resultado dunha consulta multidimensional.
- B) Un indicador que mide o grao de rendemento dun proceso.
- C) Un valor específico dunha ou máis medidas para unha combinación concreta de dimensións.
- D) Unha entidade que se usa para identificar o contexto das medidas.

**47 En XML, o estándar que permite transformar documentos XML en función de modelos dunha sintaxe a outra denomínase:**

- A) XQuery.
- B) XSLT.
- C) XPath.
- D) XForms.

**48 ¿Cal das seguintes afirmacións con respecto ao modelo OSI (Modelo de referencia para a interconexión de sistemas abertos) NON é correcta?:**

- A) Unha das funcións da capa de enlace é o control de acceso ao medio nas redes de difusión.
- B) A compresión dos datos é unha función da capa de presentación.
- C) A aplicación de procesos criptográficos corresponde á capa de sesión.
- D) Unha das funcionalidades básicas do nivel de rede é o encamiñamento de paquetes de información.

**49 O estándar X.25 para conexión de redes de área extensa especifica como protocolo de rede:**

- A) Conmutación de circuítos.
- B) Conmutación de paquetes baseados en circuítos virtuais.
- C) Conmutación de paquetes baseados en datagramas.
- D) Ningunha das anteriores.

**50 Se desexamos desprezar unha rede cableada para dar servizo a unha área urbana (10 km aproximadamente) a tecnoloxía máis apropiada sería:**

- A) MetroEthernet.
- B) Wimax.
- C) Token Ring.
- D) PLC.

- 51 No protocolo TCP/IP, se a unha rede de clase C lle asignamos a máscara 255.255.255.192, ¿cantas subredes e cantos enderezos de host útiles por subrede teriamos dispoñibles?:**
- A) 8 subredes con 32 enderezos de host cada unha.
  - B) 4 subredes con 64 enderezos de host cada unha.
  - C) 4 subredes con 62 enderezos de host cada unha.
  - D) 8 subredes con 30 enderezos de host cada unha.
- 52 ¿Cal das seguintes características do protocolo IP NON é correcta?:**
- A) Os paquetes de información viaxan independentemente pola rede xa que contén cada un o enderezo IP orixe e destino.
  - B) Os datagramas poden ser fragmentados no seu camiño ao destino.
  - C) Os datagramas contan cun campo TTL que limita a vida do paquete na rede.
  - D) Os datagramas non indican parámetros de prioridades durante o tránsito pola rede.
- 53 ¿Cal das seguintes afirmacións sobre a tecnoloxía AJAX NON é correcta?:**
- A) Intercambia datos de forma síncrona co servidor para optimizar o rendemento.
  - B) Fai uso da tecnoloxía XML.
  - C) Unha das súas aplicacións principais é dotar de maior funcionalidade as interfaces das aplicacións web.
  - D) Fai uso de linguaxes de script como Javascript.
- 54 ¿Cal dos seguintes procesos NON están incluídos na área de operación do servizo especificado nas mellores prácticas ITIL v3?:**
- A) Xestión de eventos.
  - B) Xestión do acceso.
  - C) Xestión de problemas.
  - D) Xestión da capacidade.
- 55 En ITIL v3, o proceso "xestión do risco" ¿a que fase específica do ciclo de vida do servizo pertence?:**
- A) Deseño do servizo.
  - B) Transición do servizo.
  - C) Operación do servizo.
  - D) Estratexia do servizo.
- 56 ¿Cal das seguintes tarefas se desenvolven ao longo de todo o ciclo de vida do software?:**
- A) Mantemento correctivo.
  - B) Mantemento evolutivo.
  - C) Aseguramento da calidade.
  - D) Desenvolvemento do software.
- 57 ¿Cal dos seguintes modelos de desenvolvemento de software inclúe como fase principal a "análise de riscos"?:**
- A) Modelo en ferverza (*cascade*).
  - B) Modelo baseado en prototipado evolutivo.
  - C) Modelo iterativo incremental.
  - D) Modelo en espiral.

- 58 Na metodoloxía Métrica v3, o subproceso "Estudo de viabilidade do sistema", ¿de que proceso pai forma parte?:**
- A) Planificación de sistemas de información.
  - B) Desenvolvemento de sistemas de información.
  - C) Deseño do sistema de información.
  - D) Construción do sistema de Información.
- 59 ¿Que é JAD (Joint Application Design)?:**
- A) Conxunto de técnicas utilizadas para o deseño estruturado de sistemas software.
  - B) Sesións técnicas utilizadas para modelado de requisitos de sistemas software.
  - C) Técnica de modelado baseado en compoñentes reutilizables de sistemas software.
  - D) Reunións técnicas formais co obxectivo de validar un deseño software.
- 60 Supoña que está modelando un sistema de información de servizos de mensaxería. Na análise especificánlle que as entregas, identificadas por id\_entrega, poden levar como máximo un remitente, identificado por id\_remitente, ou non levalo. Ademais especificánlle que se cambia un remitente dunha entrega actualizaranse todas as entregas asociadas ao dito remitente e que se se elimina quedarán as entregas asociadas sen remitente. ¿Como se implementarían no modelo relacional as ditas entidades (remitente e entrega) e as restricións asociadas ás operacións sobre elas?:**
- A) Dúas táboas: REMITENTE e ENTREGA, e definindo id\_remitente en ENTREGA como clave foránea que admitiría nulos coas cláusulas ON UPDATE CASCADE e ON DELETE RESTRICT
  - B) Dúas táboas: REMITENTE e ENTREGA, e definindo id\_remitente en ENTREGA como clave foránea que admitiría nulos coas cláusulas ON UPDATE CASCADE e ON DELETE CASCADE
  - C) Dúas táboas: REMITENTE e ENTREGA, e definindo id\_remitente en ENTREGA como clave foránea que admitiría nulos coas cláusulas ON UPDATE CASCADE e ON DELETE SET NULL
  - D) Dúas táboas: REMITENTE e ENTREGA, e definindo id\_remitente en ENTREGA como clave foránea que non admitiría nulos coas cláusulas ON UPDATE CASCADE e ON DELETE CASCADE
- 61 No modelo relacional, unha relación R satisfará a terceira forma normal (3FN) se e só se:**
- A) Está en 2FN e non existen dependencias funcionais entre os atributos que non forman parte da clave primaria da relación R.
  - B) Está en 2FN e cada atributo non principal da relación ten dependencia funcional completa respecto da clave primaria desa relación.
  - C) Está en 2FN e cada atributo ten asociado un dominio do cal só toma un valor en cada tupla.
  - D) Ningunha das anteriores é correcta.
- 62 Considere unha estrutura de datos en árbore binaria con nodos que representan valores, e cada nodo de nivel superior é de maior valor que os nodos da esquerda e de inferior valor que os nodos da dereita. ¿Que tipo de percorrido debe facerse pola árbore para mostrar os valores en valor ascendente?:**
- A) Percorrido en preorde.
  - B) Percorrido en inorde.
  - C) Percorrido en postorde.
  - D) Percorrido en amplitude

- 63 Se para o acceso a un rexistro dun ficheiro, o enderezo de almacenamento do rexistro se calcula mediante unha función matemática (hash) definida sobre a clave, entón dise que:**
- A) O ficheiro ten organización secuencial indexada.
  - B) O ficheiro ten organización secuencial encadeada.
  - C) O ficheiro ten organización directa.
  - D) O ficheiro ten organización aleatoria.
- 64 ¿Cal das seguintes afirmacións sobre deseño estruturado é correcta?:**
- A) O obxectivo dun bo deseño estruturado é deseñar módulos software de baixa cohesión e fortemente acoplados.
  - B) Os diagramas de estrutura son unha ferramenta gráfica que permite a representación do sistema en módulos.
  - C) A análise de transformación é unha técnica que se utiliza para obter os DFD's (Diagrama de Fluxo de Datos) do sistema a deseñar.
  - D) A cohesión é unha medida do grao de interdependencia dos módulos dun sistema.
- 65 ¿Cales das seguintes técnicas de proba de software son de caixa negra?:**
- A) Proba de táboa ortogonal e proba de bucles.
  - B) Partición equivalente e proba de fluxo de datos.
  - C) Métodos de proba baseada en grafos e proba do camiño básico.
  - D) Análise de valores límite e partición equivalente.
- 66 ¿A que se denomina proba alfa dun proxecto software?:**
- A) Á que leva a cabo o cliente, no lugar de desenvolvemento, usando o software de forma natural, normalmente co desenvolvedor como observador.
  - B) Á que se leva a cabo polos usuarios finais do software nos lugares de traballo dos clientes, normalmente sen o desenvolvedor como observador.
  - C) Á que se leva a cabo polos usuarios finais para verificar os mecanismos de control de acceso ao sistema.
  - D) Á que se leva a cabo polos usuarios finais para comprobar o funcionamento do sistema no limiar límite dos recursos, someténdoo a cargas masivas.
- 67 Na notación UML, ¿que representa o diagrama de compoñentes?:**
- A) A configuración en funcionamento do sistema a modelar, incluíndo hardware e software.
  - B) A funcionalidade que ofrece o sistema no que se refire á súa interacción externa.
  - C) A organización estrutural dos obxectos e o rol destes.
  - D) A organización e dependencias lóxicas entre elementos software do sistema a modelar.
- 68 No modelo de calidade clásico de McCall, ¿que tres factores de calidade fan referencia á revisión do produto?:**
- A) Mantibilidade, testabilidade e flexibilidade.
  - B) Portabilidade, reusabilidade e mantibilidade.
  - C) Fiabilidade, mantibilidade e flexibilidade.
  - D) Flexibilidade, integridade e usabilidade.

**69 De acordo co modelo para a avaliación dos procesos organizacionais CMMI, no nivel de madurez DEFINIDO atópanse as seguintes áreas de proceso:**

- A) Desenvolvemento de requisitos e xestión cuantitativa do proxecto.
- B) Integración do produto e análise causal e resolución.
- C) Xestión cuantitativa do proxecto e definición de procesos organizacionais.
- D) Definición de procesos organizacionais e xestión de riscos.

**70 No contexto de accesibilidade, ¿en que nivel de criterios de conformidade das pautas de accesibilidade para o contido web WCAG 2.0 se especifica "Proporcionar subtítulos para todo o contido de audio en directo dos multimedia sincronizados"?:**

- A) Nivel A.
- B) Nivel AA.
- C) Nivel AAA.
- D) Non figura en ningún nivel especificado nas pautas WCAG 2.0.

**71 Indique a resposta correcta respecto da chamada ao sistema chroot:**

- A) Cambia o directorio raíz do proceso que o invoca ao directorio pasado como parámetro.
- B) Un proceso pode realizar esta chamada a chroot aínda que non teña privilexios.
- C) Esta chamada ao sistema cambia o directorio de traballo actual.
- D) Esta chamada pecha os descritores dos ficheiros abertos.

**72 Indique a resposta incorrecta respecto do subsistema de ficheiros Unix:**

- A) Cada ficheiro ten un i-node e pode ter varios nomes.
- B) A representación interna dun ficheiro vén dada por un i-node.
- C) Cada un dos nomes dun ficheiro denomínase link.
- D) No i-node non se garda a información de propietario.

**73 Indique a resposta incorrecta respecto dos procesos nun sistema Unix:**

- A) Un proceso é a execución dun programa consistente nun conxunto de bytes que a CPU interpreta como instrucións da máquina ("text"), datos e unha pila.
- B) Os procesos comunícanse con outros procesos e co resto do mundo vía chamadas ao sistema.
- C) Un proceso pode ler ou escribir na zona de datos ou na pila doutro proceso.
- D) Un proceso en Unix créase mediante a invocación da chamada ao sistema fork.

**74 Indique a resposta correcta respecto do comando mkdir executado nunha máquina Unix, no que o usuario que o executa non ten permisos de super- usuario:**

- A) Se o directorio no que nos atopamos pertence aos usuarios root.root cos permisos 00755, crea directorios cos permisos 755.
- B) Se o directorio no que nos atopamos pertence aos usuarios root.root cos permisos 02755, crea directorios cos permisos 02755.
- C) Se o directorio no que nos atopamos pertence aos usuarios root.root cos permisos 00755, non pode crear directorios.
- D) Se o directorio no que nos atopamos pertence aos usuarios root.root cos permisos 04755, crea directorios cos permisos 722, sendo o valor de umask 022 e o ACL do directorio pai 755, e sen fixar o valor do parámetro -m no comando mkdir.

**75 Indique a resposta incorrecta sobre as dependencias funcionais en base de datos:**

- A) Se  $x \rightarrow y$  entón  $xz \rightarrow yz$  é unha dependencia funcional argumentativa ou aumentativa
- B) Se  $x \rightarrow y$  e  $y \rightarrow z$  entón  $x \rightarrow z$  é unha dependencia funcional transitiva
- C) Se  $x \rightarrow y$  e  $wy \rightarrow z$  entón  $wx \rightarrow z$  é unha dependencia funcional pseudo-transitiva
- D) Se  $x \rightarrow y$  e  $x \rightarrow z$  entón  $x \rightarrow xz$  é unha dependencia funcional de unión

**76 Indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta sobre o bloqueo en dúas fases sobre o control de concorrencia en bases de datos:**

- A) Adquirir e liberar bloqueos no instante preciso que se necesitan, ou que xa non se van necesitar máis, pode provocar inconsistencias e conducirnos a un estado de interbloqueo.
- B) Se unha transacción se abstén de actualizar calquera rexistro ata que acade a fase de recolleto, entón o fallo ao adquirir calquera bloqueo pódese tratar simplemente liberando todos os bloqueos e esperando un timeout e comezando de novo a transacción.
- C) Non se pode demostrar que se todas as transaccións empregan o bloqueo en dúas fases, entón todas as planificacións que se formen mediante o seu intercalado son serializables.
- D) Se un rexistro se le unha soa vez, non existe ningún perigo en liberar este bloqueo unha vez lido.

**77 Nun sistema de xestión de bases de datos, o problema que se presenta cando dúas transaccións paralelas intentan modificar o mesmo obxecto da base de datos, lendo ambas o valor antes de que a outra transacción o actualice, coñécese como:**

- A) Lectura sucia.
- B) Lectura fantasma.
- C) Lectura non repetible.
- D) Lectura comprometida.

**78 A execución dunha transacción nun sistema de xestión de bases de datos debe cumprir, entre outras, as características de:**

- A) Consistencia e herdanza.
- B) Atomicidade e herdanza.
- C) Atomicidade e consistencia.
- D) Serializable e abstracción.



**79 Executamos o seguinte comando nunha máquina Linux con arquivo shadow para almacenar as passwords dos usuarios:**

**`$ sudo grep '^[^:]*:' /etc/shadow`**

**¿Qué nos devolve este comando?:**

- A) As contas dos usuarios que non teñen clave.
- B) As claves cifradas dos usuarios.
- C) As contas dos usuarios que teñen clave.
- D) Todas as liñas do arquivo /etc/shadow.

**80 Indique cal das seguintes afirmacións sobre un volume lóxico é falsa:**

- A) O concepto de volume lóxico (*logical volume*) é moi similar ao de drive lóxico (*logical drive*).
- B) Un volume lóxico (*logical volume*) componse de un ou varios drives lóxicos (*logical drives*).
- C) Os membros dun drive lóxico (*logical drive*) teñen que ser do mesmo nivel RAID.
- D) Un host ve un volume lóxico (*logical volume*) non particionado ou unha partición dun volume lóxico particionado (*logical volume*) coma un único drive físico (*physical drive*).

**81 Indique cal das seguintes afirmacións sobre sistemas RAID é falsa:**

- A) O RAID 3 dedica un disco para paridade, e o número mínimo de discos é 3.
- B) O RAID 5 é similar ao RAID 3 pero a paridade distribúese entre todos os discos, e o número mínimo de discos é 3.
- C) O RAID 6 admite o fallo simultáneo de dous discos.
- D) RAID 6 é xeralmente lixeiramente peor que o RAID 5 en termos de escrituras, pero pode ser lixeiramente mais rápido en escrituras aleatorias.

**82 Indique cal das seguintes afirmacións sobre sistemas SAN (Storage Area Network), NAS (Network Attached Storage), ISCSI (Internet SCSI) e DAS (Direct Attached Storage) é falsa:**

- A) O sistemas DAS realizan accesos a nivel de ficheiro.
- B) Os sistemas NAS realizan accesos a nivel de ficheiro.
- C) Os sistemas SAN realizan accesos a nivel de bloques.
- D) Os ISCSI realizan a transmisión a nivel de bloque.

**83 Nun CPD tense a seguinte política de copia de seguridade: os domingos faise unha copia de seguridade completa e a diario unha copia de seguridade diferencial. Se o mércores se necesita recuperar unha copia de seguridade do martes, ¿a que arquivos de copia hai que acceder para recuperala?:**

- A) Só ao backup do martes.
- B) Ao backup do domingo e ao do luns.
- C) Ao backup do domingo e ao do martes.
- D) Ao backup do domingo, ao do luns e ao do martes.

**84 O comando "mysql -u root -p --database=aprobadosGSI < 01.sql" realiza, entre outras accións:**

- A) Lanza un novo proceso no sistema operativo co usuario root.
- B) Fai una copia da base de datos "aprobadosGSI" no ficheiro 01.sql.
- C) Solicita un contrasinal por liña de comandos.
- D) Todas as anteriores.

**85 O tamaño do disco e do arquivo da máquina virtual aumenta a medida que se emprega o disco ata acadar o tamaño máximo especificado cando se creou o disco. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- A) Disco duro virtual de expansión dinámica.
- B) Ningunha resposta é correcta.
- C) Disco duro virtual de diferenciación.
- D) Disco duro virtual fixo.

**86 Se quere ver os patches (parches) aplicados no seu ESX por liña de comandos, indique cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- A) \$ vmsupport -l query
- B) \$ esxupdate -l query
- C) \$ esxtop e despois premer p
- D) \$ esxcfg-info -s -n -F | more

**87 Indique cal das seguintes afirmacións é falsa sobre un xestor de dispositivos móbiles (MDM):**

- A) O MDM permite o bloqueo e borrado dos dispositivos xestionados de xeito remoto.
- B) O xestor posibilita a xeolocalización dun dispositivo xestionado no MDM.
- C) Un xestor de dispositivos MDM permite configurar na inscrición dos dispositivos a configuración do correo corporativo e da WiFi empresarial, entre outras cousas.
- D) O MDM non é capaz de restrinxir o uso de datos en itinerancia.

**88 Indique cal das seguintes afirmacións é falsa sobre as posibles funcionalidades dun xestor de dispositivos móbiles (MDM):**

- A) O MDM non permite controlar a navegación en Internet dos dispositivos xestionados.
- B) O MDM permite configurar, securizar, monitorizar e xestionar un parque móbil de dispositivos heteroxéneos.
- C) Pódense definir e despregar diferentes políticas de seguridade en función do sistema operativo do dispositivo móbil.
- D) Pódense definir e despregar diferentes políticas de seguridade en función dos usuarios ou de grupos de usuarios.

**89 Nun switch de core conectado con switches de planta mediante fibra óptica, indique a resposta incorrecta:**

- A) É posible conectar o stack dunha planta con fibra monomodo e fibra multimodo ao mesmo tempo.
- B) É posible conectar un stack de planta con fibra monomodo a 10 Gbps a unha distancia de 550 m.
- C) É posible conectar un stack dunha planta con fibra monomodo, e un stack doutra planta distinta con fibra multimodo.
- D) É posible conectar un stack de planta con fibra multimodo a 1 Gbps a unha distancia de 10 km.

**90 Sobre comunicacións DSL (Digital Subscriber Line). Indique a resposta incorrecta:**

- A) ADSL emprega comunicacións en modo asimétrico e sinalización analóxica.
- B) HDSL e SDSL son comunicacións en modo simétrico e sinalización dixital.
- C) VDSL emprega comunicacións en modo asimétrico e sinalización analóxica.
- D) VDSL e VHDSL están deseñadas para altas velocidades en longas distancias.

**91 Nun sistema de telefonía IP (Voz IP) indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- A) Na telefonía IP pódense configurar teléfonos en modo xefe/secretaria.
- B) En telefonía IP pódense configurar grupos de salto.
- C) Nunha centraliña IP pódense configurar liñas analóxicas sen hardware a maiores.
- D) Nunha centraliña IP pódense configurar softphones co mesmo número dun teléfono IP físico.

**92 Sobre redes sen fíos, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- A) A frecuencia de 2,4 GHz presenta interferencias con algunhas versións de Bluetooth.
- B) A frecuencia de 5 GHz ten menor alcance que a de 2,4 GHz.
- C) O protocolo WPA2 presenta entre outras vantaxes un nivel de seguridade mellorado fronte ao protocolo WPA.
- D) A seguridade do protocolo WEP é superior á do protocolo WPA2.

**93 Sobre as extensións multipropósito de mensaxería en Internet MIME, en concreto sobre o RFC 1521, indique cal das seguintes cabeceiras Content-Type é incorrecta:**

- A) Content-Type: text/rich.
- B) Content-Type: multipart/digest.
- C) Content-Type: message/external-body.
- D) Content-Type: application/postscript.

**94 Sobre o protocolo de transferencia de correo SMTP, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- A) O transmisor actúa como cliente e o receptor como servidor.
- B) No protocolo SMTP, nas súas especificacións básicas, todos os caracteres enviados están codificados mediante o código ASCII.
- C) Cando un servidor establece unha conexión co cliente SMTP, espera a que este envíe unha mensaxe "220 Service ready" ou "421 Service no available"
- D) Se o servidor non está preparado para recibir correo o cliente liberará a conexión e intentaráo máis tarde.

**95 Sobre a confidencialidade no correo (PGP Pretty Good Privacy e PEM Privacy Enhanced Mail). Indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- A) Tanto PGP como PEM permiten verificar a opción de non repudio.
- B) Tanto PGP como PEM teñen a capacidade de xestionar a cifraxe das mensaxes.
- C) PGP axústase ao estándar X.509.
- D) PEM foi deseñado por un comité de estándares.

**96 Sobre o servidor Web Apache, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- A) O arquivo access.conf determina o mapa de recursos do servidor.
- B) O arquivo httpd.conf é o arquivo de configuración do servidor.
- C) O arquivo mime.types determina a asignación das extensión dos arquivos cos tipos MIME dos mesmos.
- D) O arquivo .htaccess controla o acceso aos arquivos do servidor por directorio.

**97 O superusuario dunha máquina Unix é capaz de realizar a seguinte tarefa. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- A) Facer un cambio nun sistema de ficheiros que está montado read-only en modo raw.
- B) Desmontar un sistema de ficheiros que contén ficheiros abertos.
- C) Desmontar un sistema de ficheiros no cal algún proceso en execución ten definido o seu directorio actual (current directory).
- D) Descifrar as claves almacenadas no arquivo /etc/passwd ou /etc/shadow

**98 En relación cos bits SUID e SGID, indique cal das seguintes afirmacións é incorrecta:**

- A) Non se deben escribir scripts de shell co bit SUID activado.
- B) Se se necesita escribir algún script co bit SUID activado debería facerse en Perl (taintPerl).
- C) Se empregas unha versión antiga de Unix que non pode ser actualizada e ten o programa /usr/lib/preserve co bit SUID activado, é recomendable desactivar este SUID.
- D) As novas versión de shell de Unix empregan a variable IFS se a shell se está executando co SUID activado.

**99 Cal das seguintes medidas/accións non é de aplicación directa (exclusiva) para mellorar a integridade dun sistema Unix:**

- A) Checksums e signatures.
- B) Tripwire.
- C) Checklist e metadata.
- D) One time-passwords.

**100 Criterios para mellorar a seguridade en clientes NFS, indique cal das seguintes afirmacións non é correcta:**

- A) Asegúrate de que o túa máquina Unix é un servidor de NFS ou un cliente, pero non ambos.
- B) Non permitas que os teus clientes NFS monten recursos NFS fóra da propia organización.
- C) Un sistema é xeralmente máis fiable e máis seguro se monta dous discos desde dous servidores NFS, que dende un mesmo servidor.
- D) Deshabilita o bit SUID sobre os ficheiros e dispositivos das particións a montar por NFS.

#### **Preguntas de reserva**

**101 Indique cal das seguintes recomendacións non é adecuada para un DNS:**

- A) Configura un servidor de DNS externo nun bastion host que atenda as peticións externas.
- B) Non dea acceso á información dos rexistros HINFO de cara ao exterior.
- C) Empregue double reverse lookup para evitar o hijacking (secuestro).
- D) Deshabilite as transferencias de zona excepto para os DNS secundarios.

**102 Cal dos seguintes protocolos non forma parte do SSL:**

- A) Record Protocol (RP).
- B) Handshake Protocol (HP).
- C) Change Cipher Spec (CCSP).
- D) Extended Data Protocol (EDP).

**103 Indique cal das seguintes afirmacións sobre certificados dixitais é incorrecta:**

- A) Un certificado dixital é un vínculo entre unha clave pública e unha identidade de usuario, que se acada mediante unha sinatura dixital dunha CA, a cal fai pública a clave privada do seu certificado raíz.
- B) Un PSC (Prestador de Servizos de Certificación) pode ter varias CA's (Autoridade de certificación).
- C) Unha autoridade de rexistro é quen identifica de xeito inequívoco ao solicitante dun certificado e subministra os datos á CA para que poida emitir o certificado.
- D) Calquera sinatura emitida con posterioridade á revogación dun certificado non ten validez.

PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DA ESCALA TÉCNICA DE  
INFORMÁTICA DO PARLAMENTO DE GALICIA

1º EXERCICIO 18 DE ABRIL DE 2018

**FOLLA DE RESPONSTAS**

1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				
21				
22				
23				
24				
25				
26				
27				
28				
29				
30				
31				
32				
33				
34				
35				

36				
37				
38				
39				
40				
41				
42				
43				
44				
45				
46				
47				
48				
49				
50				
51				
52				
53				
54				
55				
56				
57				
58				
59				
60				
61				
62				
63				
64				
65				
66				
67				
68				
69				
70				

71				
72				
73				
74				
75				
76				
77				
78				
79				
80				
81				
82				
83				
84				
85				
86				
87				
88				
89				
90				
91				
92				
93				
94				
95				
96				
97				
98				
99				
100				
<b>101</b>				
<b>102</b>				
<b>103</b>				